

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### XEFATURA DO ESTADO

**2363** *Lei orgánica 1/2019, do 20 de febreiro, pola que se modifica a Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código penal, para traspoñer directivas da Unión Europea nos ámbitos financeiro e de terrorismo, e abordar cuestións de índole internacional.*

FELIPE VI

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei orgánica:

PREÁMBULO

I

A transposición en prazo de directivas comunitarias constitúe na actualidade un dos obxectivos prioritarios establecidos polo Consello Europeo. O cumprimento deste obxectivo resulta hoxe aínda máis prioritario tendo en conta o escenario deseñado polo Tratado de Lisboa para os incumprimentos de transposición en prazo, respecto dos cales a Comisión pode pedir ao Tribunal de Xustiza da Unión Europea a imposición de importantes sancións económicas de maneira acelerada (artigo 260.3 do Tratado de funcionamento da Unión Europea).

España veu cumprindo de maneira consistente cos obxectivos de transposición en prazo comprometidos, desde o inicio do seu establecemento. Non obstante, nestes momentos faise necesaria a transposición sen dilación de varias directivas de índole penal, ben como consecuencia do vencemento do prazo ou ben pola proximidade do dito vencemento.

A presente lei orgánica ten por obxecto a transposición ao noso ordenamento interno da Directiva 2014/57/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de abril de 2014, sobre as sancións penais aplicables ao abuso de mercado; da Directiva 2017/541/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de marzo de 2017, relativa á loita contra o terrorismo, e da Directiva (UE) 2017/1371 do Parlamento Europeo e do Consello, do 5 de xullo de 2017, sobre a loita contra a fraude que afecta os intereses financeiros da Unión a través do dereito penal, así como o perfeccionamento da transposición da Directiva 2014/62/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de maio de 2014, relativa á protección penal do euro e outras moedas fronte á falsificación.

Tamén se modifica o Código penal para completar o réxime de prevención e persecución do delito de tráfico de órganos humanos adaptándoo ás previsións contidas no Convenio do Consello de Europa sobre a loita contra o tráfico de órganos humanos que se abriu á sinatura en Santiago de Compostela o 25 de marzo de 2015. Finalmente, complétase a regulación dos delitos de corrupción de acordo coas directrices do Grupo de Estados Contra a Corrupción (Greco).

En definitiva, a presente lei orgánica responde aos obxectivos de traspasar as directivas con incidencia en materia penal pendentes e de abordar cuestións internacionais tamén de natureza penal.

## II

No caso da Directiva 2014/57/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de abril de 2014, sobre as sancións aplicables ao abuso de mercado, a Comisión Europea iniciou o procedemento formal de infracción 2016/627, cuxo estado avanzado exige a adaptación inmediata á dita directiva do noso ordenamento.

A transposición da Directiva 2014/57/UE recolle tres tipos penais diferenciados na liña seguida pola propia directiva, que exige que os Estados membros tipifiquen como infraccións penais, ao menos nos casos graves e cando se cometesen intencionalmente, as operacións con información privilexiada, incluíndo a recomendación ou indución a outra persoa a realizar operacións con información privilexiada; a comunicación ilícita de información privilexiada e a manipulación de mercado, nos termos que se especifican nos seus artigos 3 a 5. Todo isto co fin de garantir, en primeiro termo, a integridade dos mercados financeiros da Unión e de aumentar, nun segundo plano, a protección dos investidores e a confianza neses mercados. Ademais, exige a consideración como infraccións penais dos actos de incitación, complicidade e tentativa das indicadas operacións e, igualmente, a responsabilidade das persoas xurídicas en relación coa comisión de tales feitos delitivos.

A referida directiva forma parte do paquete integrado tamén polo Regulamento (UE) 596/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de abril de 2014, sobre o abuso de mercado, o cal foi completado por dúas normas derivadas: o Regulamento delegado (UE) 2016/522 da Comisión, do 17 de decembro de 2015, no que respecta á exención relativa a determinados bancos centrais e organismos públicos de terceiros países, os indicadores de manipulación de mercado, os limiares de divulgación, a autoridade competente para as notificacións de atrasos, a autorización de negociación durante períodos limitados e os tipos de operacións de notificación obrigatoria realizadas polos directivos, e o Regulamento delegado (UE) 2016/957 da Comisión, do 9 de marzo de 2016, no que respecta ás normas técnicas de regulación aplicables aos mecanismos, sistemas e procedementos apropiados, así como aos modelos de notificación, que deben utilizarse para previr, detectar e notificar prácticas abusivas ou ordes ou operacións sospeitosas.

Os artigos 284 e 285 do Código penal xa sancionaban, con anterioridade á aprobación da Directiva 2014/57/UE, condutas concretas de actuación delitiva por utilización de información privilexiada e manipulación de mercado, pero non abarcaban todos os supostos especificamente referidos na norma europea, que agora deben sancionarse de forma expresa para cumprir coas exigencias do principio de legalidade penal. Óptase por uns tipos penais que, nas condutas de maior gravidade de manipulación de mercado e realización de operacións con información privilexiada, se configuran como delitos graves. O ben xurídico protexido non se configura tanto en atención ao contido patrimonial ou á propia orde socioeconómica como á integridade dos mercados e a confianza dos investidores que actúan neles.

A transposición desta directiva require dunha modificación específica do Código penal, co fin de axustar o contido dos seus artigos 284 e 285 ás previsións daquela norma, así como para incorporar un precepto que estenda, nos termos desta directiva, o alcance conceptual daqueles preceptos.

A modificación que se efectúa no artigo 284 do Código penal incorpora, nos medios comisivos, a utilización de artificios e o emprego das tecnoloxías da información para a alteración de prezos; no obxecto de protección, os contratos de contado sobre materias primas relacionadas con instrumentos financeiros e os índices de referencia e, na punición, un incremento das sancións para cumprir coas exigencias da directiva. Ademais, prevese unha agravación específica para os supostos en que o autor do feito sexa traballador ou empregado dunha empresa de servizos de investimento, unha entidade de crédito, unha autoridade supervisora ou reguladora, ou unha entidade reitora de mercados regulados ou centros de negociación.

A reforma do artigo 285 do Código penal vixente é máis ampla. Tipifícanse novas formas de comisión do feito delitivo; especifícanse os supostos en que legalmente se entende que unha persoa ten acceso reservado á información privilexiada; e engádesse

tamén unha agravación específica para o caso de que o responsable do feito sexa traballador ou empregado dunha empresa de servizos de investimento, entidade de crédito, autoridade supervisora ou reguladora, ou entidades reitoras de mercados regulados ou centros de negociación.

Adicionalmente, incorpóranse no Código penal tres novos preceptos: o artigo 285 bis para tipificar a comunicación ilícita de información privilexiada cando poña en perigo a integridade do mercado ou a confianza dos investidores; o artigo 285 ter para remitir, con pleno respecto do principio de legalidade, os contidos conceptuais (instrumentos financeiros, contratos, condutas, operacións e ordes previstos) á normativa europea e española en materia de mercado e instrumentos financeiros, e o artigo 285 quater para establecer de maneira expresa a punición dos actos de proposición, conspiración e provocación aos tres delitos mencionados. Tamén se reordena o reproche aos actos cometidos por unha persoa xurídica, cando se declare a responsabilidade penal desta, en consonancia coa gravidade das condutas da persoa física.

Pola contra, o cumprimento das demais previsións contidas na directiva non require doutras modificacións do Código penal. Así, para a punición dos feitos, cando se realicen en grao de tentativa, dispónse da expresa previsión dos artigos 16 e 62 deste código; a sanción dos actos de indución a cometer aquelas infraccións está tamén prevista no artigo 28 do mesmo corpo legal, e o castigo dos actos de complicidade en tales comportamentos ilícitos artículase igualmente no sistema legal vixente a través dos artigos 29 e 63 do Código penal. Do mesmo modo, o vixente artigo 288 desta mesma norma tamén prevé, no sentido requirido pola directiva, a responsabilidade penal das persoas xurídicas pola comisión dos indicados feitos delitivos, aplicándose, en virtude das previsións do artigo 31 bis, aos supostos requiridos pola norma europea. Non obstante, efectúouse unha modificación puntual daquel precepto, para equiparar as sancións establecidas nos casos previstos nos artigos 284 e 285 do Código penal.

### III

A transposición da Directiva 2017/541/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de marzo de 2017, relativa á loita contra o terrorismo, require axustar a lexislación penal ás previsións daquela norma, pois, malia que a Lei orgánica 2/2015, do 30 de marzo, pola que se modifica a Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código penal, en materia de delitos de terrorismo, se adiantou notablemente ao contido da directiva, algúns puntos diverxen, o que obriga a introducir lixeiros axustes.

Así, o artigo 15.3 da Directiva 2017/541/UE impón unha pena máxima aos dirixentes dunha organización ou grupo terrorista superior á regulación actual, que exige unha modificación do artigo 572 do Código penal. Igualmente, introdúcese unha modificación en canto á pena de inhabilitación, que pasa a ser absoluta, para evitar a antinomia producida co artigo 55 do Código penal e en consonancia co disposto no artigo 579 bis, introducido pola Lei orgánica 2/2015, do 30 de marzo.

Do mesmo modo, a directiva, no seu artigo 12, letra c), obriga a incluír entre os delitos terroristas a falsidade documental, que non estaba previsto no artigo 573 do Código penal. Por outro lado, a viaxe con fins terroristas ten unha regulación moito máis ampla na Directiva 2017/541/UE que a fixada na Resolución 2178 (2014) do Consello de Seguridade das Nacións Unidas, que inspirou a Lei orgánica 2/2015, do 30 de marzo, ao non exixir que a viaxe teña por destino un territorio controlado por terroristas. Por último, esténdese a responsabilidade penal das persoas xurídicas á comisión de calquera tipo de delito de terrorismo, que só se prevía até agora para os delitos de financiamento do terrorismo.

### IV

A Directiva (UE) 2017/1371 do Parlamento Europeo e do Consello, do 5 de xullo de 2017, sobre a loita contra a fraude que afecta os intereses financeiros da Unión a través do dereito penal, supón a regulación harmonizada destas fraudes, así como a penalización doutras condutas intimamente vinculadas con elas: o branqueo de capitais, o suborno e a

malversación. A primeira regulación desta materia produciuse no noso ordenamento ao abeiro do Convenio relativo á protección de intereses financeiros das comunidades europeas, asinado o 26 de xullo de 1995, e tivo o seu reflexo no texto orixinal do Código penal vixente. Este convenio e os seus protocolos adicionais substitúense pola mencionada directiva.

Unha das primeiras novidades que achega a directiva é o aumento da cota defraudada para establecer a infracción penal contra a Facenda da Unión Europea, para cuxo efecto se adaptaron os correspondentes artigos. Igualmente, e para dar solución a problemas concursais que na práctica se producían na aplicación dos artigos 306 e 308, optouse por unha regulación conxunta.

Unha das novidades introducidas pola directiva e que prevé o artigo 4.4.b) é a ampliación do concepto de funcionario público que debe terse en conta nos delitos de suborno e malversación. A nova definición é máis expansiva que as reguladas en anteriores directivas e excede o concepto previsto no artigo 427 do Código penal, que precisamente establecía a definición dos funcionarios estranxeiros e da Unión Europea para os delitos de suborno. Nos termos do texto que se vai traspor, introdúcese un novo artigo 435 bis que serve como base para estender a responsabilidade destes funcionarios no ámbito da directiva, tamén en relación co delito de malversación, para cumprir co disposto no artigo 4 da norma europea de maneira completa.

Pola súa vez, a directiva exige que sexa punible calquera dos delitos previstos nela, incluído o delito de malversación, cando sexa cometido por unha persoa xurídica. Por isto, sen prexuízo das excepcións do artigo 31 quinquies do Código penal, establécese tamén a responsabilidade das persoas xurídicas no delito de malversación –único tipo penal dos regulados na directiva que non o admitía no noso ordenamento– a aquelas persoas xurídicas que por calquera motivo xestionen recursos públicos ou de calquera outro modo estean encargadas do erario público.

## V

Resulta necesario perfeccionar a transposición da Directiva 2014/62/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de maio de 2014, relativa á protección penal do euro e outras moedas fronte á falsificación.

Neste sentido, faise preciso, por un lado, ampliar o abano de sancións que se poden impor ás persoas xurídicas cando estas sexan responsables penais deste tipo de feitos delitivos. Así mesmo, é conveniente mellorar a redacción do artigo 387 do Código penal para aqueles casos en que se anticipa a protección penal da moeda ás fases previas á súa posta oficial en circulación, e isto faise coa finalidade de outorgar á redacción do precepto unha maior concreción técnica e obter así unha maior seguridade xurídica. E, finalmente, tamén é recomendable ampliar a protección penal do euro e de calquera moeda estranxeira cando a falsificación afecte en xeral as fronteiras da Unión Europea e non só as do noso país.

## VI

Coa presente reforma do artigo 156 bis complétase o réxime de prevención e persecución do delito de tráfico de órganos humanos, que constitúe unha grave violación dos dereitos fundamentais das persoas e atenta gravemente contra bens xurídicos como a vida, a integridade física e a dignidade humana, ademais de supor unha grande ameaza para a saúde pública. Para isto, adáptase o dito réxime ás previsións contidas no Convenio do Consello de Europa sobre a loita contra o tráfico de órganos humanos, aberto á sinatura en Santiago de Compostela o 25 de marzo de 2015.

Certo é que, grazas a uns robustos controis que impoñen os principios de voluntariedade, altruísmo, confidencialidade, ausencia de ánimo de lucro e gratuidade, o noso país foi e continúa sendo un referente normativo en Europa e Iberoamérica desde que se promulgou a vixente lei sobre a materia, a Lei 30/1979, do 27 de outubro, sobre extracción e transplante de órganos, que encontra desenvolvemento no Real decreto

1723/2012, do 28 de decembro, polo que se regulan as actividades de obtención, utilización clínica e coordinación territorial dos órganos humanos destinados ao transplante e se establecen requisitos de calidade e seguridade, mediante a que se traspuxo a Directiva 2010/53/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 7 de xullo de 2010, sobre normas de calidade e seguridade dos órganos humanos destinados ao transplante. Porén, co fin de preservar este estado e ante a constatación de riscos crecentes tales como a proliferación de grupos de delincuencia organizada de carácter transnacional que fan uso da violencia, o engano ou as ameazas, ou aproveitan situacións de precariedade do suposto doador para adquiriren altos beneficios, debe fortalecerse un sistema cuxas quebras, ademais, atentaría contra a confianza nel da poboación no seu conxunto, base do éxito desta regulación.

En harmonización, por tanto, coas previsións do convenio de referencia, procédese así a unha máis clara delimitación das condutas típicas, agrávanse as penas en supostos de especial reproche e explícanse os supostos de actuación de organización ou grupo criminal de forma análoga ao tratamento nestes supostos do delito de trata de seres humanos, incluíndo, ademais, a agravante de reincidencia internacional.

## VII

O Grupo de Estados contra a Corrupción (Greco) foi constituído en 1999 polo Consello de Europa en prol de asegurar o cumprimento dos Estados membros do dito grupo cos parámetros de anticorrupción a todos os niveis, co obxectivo de mellorar a capacidade dos seus membros na loita contra a corrupción a través dun proceso dinámico, axudando a identificar as deficiencias que poidan existir.

España, no seu firme compromiso de loita contra a corrupción, colaborou permanentemente co Greco neste proceso mutuo de busca de medidas. Como resultado deste proceso, na terceira rolda de avaliación realizada polo dito grupo detectáronse algunhas omisións nas reformas operadas pola Lei orgánica 1/2015, do 30 de marzo, pola que se modifica a Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código penal, que podían supor unha limitación aos operadores xurídicos para poder levar a cabo esta loita.

Da análise realizada quedaban dúbidas sobre se algunha das condutas de corrupción no ámbito privado, recollidas na sección 4.<sup>a</sup> do capítulo XI do título XIII do libro II do Código penal, sobre os delitos de corrupción nos negocios, podería quedar excluída se non se describían en determinados termos. Tamén se considerou que procedía revisar a corrupción de xurados e árbitros para asegurar a súa incriminación, non só cando actúen en exercicio de funcións públicas, senón tamén cando operen como colaboradores para realizaren esas funcións ou desempeñen funcións privadas, tanto no aspecto activo como no pasivo. Por último, destacou que a definición de funcionarios públicos estranxeiros prevista no artigo 427 do Código penal non é aplicable nos casos en que o delito cometido por estes sexa o de tráfico de influencias, polo que se facía necesaria unha precisión concreta respecto da responsabilidade de tales funcionarios estranxeiros que puidesen cometer os delitos do capítulo VI do título XIX da parte especial do Código penal, precisión que agora se introduce no artigo 431.

Coa presente reforma, solucionaríanse esas gretas detectadas na regulación do noso ordenamento, conforme os criterios do Greco.

**Artigo único.** *Modificación da Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código penal.*

A Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código penal, queda modificada como segue:

Un. Incorporárase unha nova letra a bis) no número 1 do artigo 127 bis, coa seguinte redacción:

«a bis) Delitos de tráfico de órganos».

Dous. Modifícase o artigo 156 bis, que pasa a ter a seguinte redacción:

«1. Os que de calquera modo promoveren, favoreceren, facilitaren, publicitaren ou executaren o tráfico de órganos humanos serán castigados coa pena de prisión de seis a doce anos tratándose do órgano dunha persoa viva e de prisión de tres a seis anos tratándose do órgano dunha persoa falecida.

Para estes efectos, entenderase por tráfico de órganos humanos:

a) A extracción ou obtención ilícita de órganos humanos alleos. A dita extracción ou obtención será ilícita se se produce concorrendo calquera das circunstancias seguintes:

1.<sup>a</sup> Que se realizase sen o consentimento libre, informado e expreso do doador vivo na forma e cos requisitos previstos legalmente;

2.<sup>a</sup> Que se realizase sen a necesaria autorización exixida pola lei no caso do doador falecido,

3.<sup>a</sup> Que, a cambio da extracción ou obtención, en proveito propio ou alleo, se solicitar ou recibir polo doador ou un terceiro, por si ou por persoa interposta, dádiva ou retribución de calquera clase ou se aceptar ofrecemento ou promesa. Non se entenderá por dádiva ou retribución o resarcimento dos gastos ou perda de ingresos derivados da doazón.

b) A preparación, preservación, almacenamento, transporte, traslado, recepción, importación ou exportación de órganos ilicitamente extraídos.

c) O uso de órganos ilicitamente extraídos coa finalidade do seu transplante ou para outros fins.

2. Do mesmo modo se castigará os que, en proveito propio ou alleo:

a) Solicitaren ou recibiren, por si ou por persoa interposta, dádiva ou retribución de calquera clase, ou aceptaren ofrecemento ou promesa por propor ou captar un doador ou un receptor de órganos;

b) ofrecerem ou entregarem, por si ou por persoa interposta, dádiva ou retribución de calquera clase a persoal facultativo, funcionario público ou particular con ocasión do exercicio da súa profesión ou cargo en clínicas, establecementos ou consultorios, públicos ou privados, co fin de que se leve a cabo ou se facilite a extracción ou obtención ilícitas ou a implantación de órganos ilicitamente extraídos.

3. Se o receptor do órgano consentir a realización do transplante coñecendo a súa orixe ilícita será castigado coas mesmas penas previstas no número 1, que poderán ser rebaixadas nun ou dous graos atendendo ás circunstancias do feito e do culpable.

4. Imporanse as penas superiores en grao ás previstas no número 1 cando:

a) Se poña en grave perigo a vida ou a integridade física ou psíquica da vítima do delito.

b) A vítima sexa menor de idade ou especialmente vulnerable por razón da súa idade, discapacidade, enfermidade ou situación.

Se concorreren ambas as circunstancias, imporase a pena na súa metade superior.

5. O facultativo, funcionario público ou particular que, con ocasión do exercicio da súa profesión ou cargo, realizar en centros públicos ou privados as condutas descritas nos números 1 e 2, ou solicitar ou recibir a dádiva ou retribución a que se refire a letra b) deste último número, ou aceptar o ofrecemento ou promesa de recibila, incorrerá na pena neles sinalada superior en grao e, ademais, na de inhabilitación especial para emprego ou cargo público, profesión ou oficio, para exercer calquera profesión sanitaria ou para prestar servizos de toda índole en

clínicas, establecementos ou consultorios, públicos ou privados, polo tempo da condena. Se concorrer, ademais, algunha das circunstancias previstas no número 4, imporanse as penas na súa metade superior.

Para os efectos deste artigo, o termo facultativo comprende os médicos, persoal de enfermaría e calquera outra persoa que realice unha actividade sanitaria ou sociosanitaria.

6. Imporase a pena superior en grao á prevista no número 1 e inhabilitación especial para profesión, oficio, industria ou comercio polo tempo da condena, cando o culpable pertencer a unha organización ou grupo criminal dedicado á realización de tales actividades. Se concorrer algunha das circunstancias previstas no número 4, imporanse as penas na metade superior. Se concorrer a circunstancia prevista no número 5, imporanse as penas sinaladas neste na súa metade superior.

Cando se tratar dos xefes, administradores ou encargados das ditas organizacións ou grupos, aplicaráselles a pena na súa metade superior, que poderá elevarse á inmediatamente superior en grao. En todo caso, elevarase a pena á inmediatamente superior en grao se concorrer algunha das circunstancias previstas no número 4 ou a circunstancia prevista no número 5.

7. Cando de acordo co establecido no artigo 31 bis unha persoa xurídica sexa responsable dos delitos comprendidos neste artigo, imporáselle a pena de multa do triplo ao quíntuplo do beneficio obtido.

Atendidas as regras establecidas no artigo 66 bis, os xuíces e tribunais poderán, así mesmo, impor as penas recollidas nas letras b) a g) do número 7 do artigo 33.

8. A provocación, a conspiración e a proposición para cometer os delitos previstos neste artigo castigaranse coa pena inferior nun a dous graos á que corresponde, respectivamente, aos feitos previstos nos números anteriores.

9. En todo caso, as penas previstas neste artigo imporanse sen prexuízo das que correspondan, se for o caso, polo delito do artigo 177 bis deste código e demais delitos efectivamente cometidos.

10. As condenas de xuíces ou tribunais estranxeiros por delitos da mesma natureza que os previstos neste artigo producirán os efectos de reincidencia, salvo que o antecedente penal fose cancelado ou poida selo conforme o dereito español.»

Tres. Modifícase o artigo 284, que pasa a ter a seguinte redacción:

«1. Imporase a pena de prisión de seis meses a seis anos, multa de dous a cinco anos, ou do tanto ao triplo do beneficio obtido ou favorecido, ou dos prexuízos evitados, se a cantidade resultante for máis elevada, e inhabilitación especial para intervir no mercado financeiro como actor, axente ou mediador ou informador por tempo de dous a cinco anos, aos que:

1.º Empregando violencia, ameaza, engano ou calquera outro artificio, alteren os prezos que resultaren da libre concorrencia de produtos, mercadorías, instrumentos financeiros, contratos de contado sobre materias primas relacionadas con eles, índices de referencia, servizos ou calquera outra cousa moble ou inmobile que sexa obxecto de contratación, sen prexuízo da pena que puider corresponderlles por outros delitos cometidos.

2.º Por si, de maneira directa ou indirecta ou a través dun medio de comunicación, por medio da internet ou mediante o uso de tecnoloxías da información e da comunicación, ou por calquera outro medio, difundiren noticias ou rumores ou transmitiren sinais falsos ou enganosos sobre persoas ou empresas, ofrecendo a sabendas datos económicos total ou parcialmente falsos co fin de alterar ou preservar o prezo de cotización dun instrumento financeiro ou un contrato de contado sobre materias primas relacionado ou de manipular o cálculo dun índice de referencia, cando obtivesen, para si ou para terceiro, un beneficio, sempre que concorran algunha das seguintes circunstancias:

- a) Que o dito beneficio for superior a douscentos cincuenta mil euros ou se causar un prexuízo de idéntica cantidade;
- b) Que o importe dos fondos empregados for superior a dous millóns de euros;
- c) Que se causase un grave impacto na integridade do mercado.

3.º Realizaren transaccións, transmitiren sinais falsos ou enganosos, ou deren ordes de operación susceptibles de proporcionar indicios falsos ou enganosos sobre a oferta, a demanda ou o prezo dun instrumento financeiro, un contrato de contado sobre materias primas relacionado ou índices de referencia, ou se aseguraren, utilizando a mesma información, por si ou en concerto con outros, unha posición dominante no mercado dos ditos instrumentos ou contratos coa finalidade de fixar os seus prezos en niveis anormais ou artificiais, sempre que concorran algunha das seguintes circunstancias:

- a) Que, como consecuencia da súa conduta, obtiver, para si ou para terceiro, un beneficio superior a douscentos cincuenta mil euros ou causase un prexuízo de idéntica cantidade;
- b) Que o importe dos fondos empregados for superior a dous millóns de euros;
- c) Que se causar un grave impacto na integridade do mercado.

2. Imporase a pena na súa metade superior se concorrer algunha das seguintes circunstancias:

- 1.ª Que o suxeito se dedique de forma habitual ás anteriores prácticas abusivas.
- 2.ª Que o beneficio obtido, a perda evitada ou o prexuízo causado sexa de notoria importancia.

3. Se o responsable do feito for traballador ou empregado dunha empresa de servizos de investimento, entidade de crédito, autoridade supervisora ou reguladora, ou entidade reitora de mercados regulados ou centros de negociación, as penas imporanse na súa metade superior.»

Catro. Modifícase o artigo 285, que pasa a ter a seguinte redacción:

«1. Quen, de forma directa ou indirecta ou por persoa interposta, realizar actos de adquisición, transmisión ou cesión dun instrumento financeiro, ou de cancelación ou modificación dunha orde relativa a un instrumento financeiro, utilizando información privilexiada a que tivese acceso reservado nos termos do número 4, ou recomendar a un terceiro o uso da dita información privilexiada para algún deses actos, será castigado coa pena de prisión de seis meses a seis anos, multa de dous a cinco anos, ou do tanto ao triplo do beneficio obtido ou favorecido ou dos prexuízos evitados se a cantidade resultante for máis elevada, e inhabilitación especial para o exercicio da profesión ou actividade de dous a cinco anos, sempre que concorran algunha das seguintes circunstancias:

- a) Que, como consecuencia da súa conduta obtiver, para si ou para terceiro, un beneficio superior a quíntos mil euros ou causar un prexuízo de idéntica cantidade;
- b) Que o valor dos instrumentos financeiros empregados for superior a dous millóns de euros;
- c) Que se causar un grave impacto na integridade do mercado.

2. Imporase a pena na súa metade superior se concorrer algunha das seguintes circunstancias:

- 1.ª Que o suxeito se dedique de forma habitual ás anteriores prácticas de operacións con información privilexiada.



2.<sup>a</sup> Que o beneficio obtido, a perda evitada ou o prexuízo causado sexa de notoria importancia.

3. As penas previstas neste artigo imporanse, nos seus respectivos casos, na súa metade superior se o responsable do feito for traballador ou empregado dunha empresa de servizos de investimento, entidade de crédito, autoridade supervisora ou reguladora, ou entidades reitoras de mercados regulados ou centros de negociación.

4. Para os efectos deste artigo, enténdese que ten acceso reservado á información privilexiada quen sexa membro dos órganos de administración, xestión ou supervisión do emisor ou do participante do mercado de dereitos de emisión, quen participe no capital do emisor ou do participante do mercado de dereitos de emisión, quen a coñeza con ocasión do exercicio da súa actividade profesional ou empresarial, ou no desempeño das súas funcións, e quen a obteña a través dunha actividade delitiva.

5. As penas previstas neste artigo rebaixaranse nun grao cando o responsable do feito, sen ter acceso reservado á información privilexiada, a obteña de calquera modo distinto dos previstos no número anterior e a utilice coñecendo que se trata de información privilexiada.»

Cinco. Incorpórase un novo artigo 285 bis, coa seguinte redacción:

«Fóra dos casos previstos no artigo anterior, quen posuír información privilexiada e a revelar fóra do normal exercicio do seu traballo, profesión ou funcións, poñendo en perigo a integridade do mercado ou a confianza dos investidores, será sancionado con pena de prisión de seis meses a catro anos, multa de doce a vinte e catro meses e inhabilitación especial para o exercicio da profesión ou actividade de un a tres anos.

Para os efectos do disposto neste artigo, incluírase a revelación de información privilexiada nunha prospección de mercado cando se realizase sen observar os requisitos previstos na normativa europea en materia de mercados e instrumentos financeiros.»

Seis. Incorpórase un novo artigo 285 ter, coa seguinte redacción:

«As previsións dos tres artigos precedentes estenderanse aos instrumentos financeiros, contratos, condutas, operacións e ordes previstos na normativa europea e española en materia de mercado e instrumentos financeiros.»

Sete. Incorpórase un novo artigo 285 quater, coa seguinte redacción:

«A provocación, a conspiración e a proposición para cometer os delitos previstos nos artigos 284 a 285 bis castigarase, respectivamente, coa pena inferior nun ou dous graos.»

Oito. Modifícase o número 1 do artigo 286 bis, que queda redactado como segue:

«1. O directivo, administrador, empregado ou colaborador dunha empresa mercantil ou dunha sociedade que, por si ou por persoa interposta, reciba, solicite ou acepte un beneficio ou vantaxe non xustificadas de calquera natureza, ou ofrecemento ou promesa de obtelo, para si ou para un terceiro, como contraprestación para favorecer indebidamente outro na adquisición ou venda de mercadorías, ou na contratación de servizos ou nas relacións comerciais, será castigado coa pena de prisión de seis meses a catro anos, inhabilitación especial para o exercicio de industria ou comercio por tempo de un a seis anos e multa do tanto ao triplo do valor do beneficio ou vantaxe.»

Nove. Modifícase o artigo 288, que pasa a ter a seguinte redacción:

«Nos supostos previstos nos artigos anteriores dispórase a publicación da sentenza nos diarios oficiais e, se o solicitar o prexudicado, o xuíz ou tribunal poderá ordenar a súa reprodución total ou parcial en calquera outro medio informativo, por conta do condenado.

Cando, de acordo co establecido no artigo 31 bis, unha persoa xurídica sexa responsable dos delitos recollidos neste capítulo, imporánselle as seguintes penas:

1.º No caso dos delitos previstos nos artigos 270, 271, 273, 274, 275, 276, 283 e 286:

a) Multa do dobre ao cuádruplo do beneficio obtido, ou que se tivese podido obter, se o delito cometido pola persoa física ten prevista unha pena de prisión de máis de dous anos.

b) Multa do dobre ao triplo do beneficio obtido, favorecido ou que se tivese podido obter, no resto dos casos.

2.º No caso dos delitos previstos nos artigos 277, 278, 279, 280, 281, 282, 282 bis, 284, 285, 285 bis, 285 quater e 286 bis ao 286 quater:

a) Multa de dous a cinco anos, ou do triplo ao quintuplo do beneficio obtido ou que se tivese podido obter se a cantidade resultante for máis elevada, cando o delito cometido pola persoa física teña prevista unha pena de máis de dous anos de privación de liberdade.

b) Multa de seis meses a dous anos, ou do tanto ao duplo do beneficio obtido ou que se tivese podido obter se a cantidade resultante for máis elevada, no resto dos casos.

3.º Atendidas as regras establecidas no artigo 66 bis, os xuíces e tribunais poderán, así mesmo, impor as penas recollidas nas letras b) a g) do número 7 do artigo 33.»

Dez. Modifícase o número 3 do artigo 305, que queda redactado como segue:

«3. As mesmas penas se imporán a quen cometa as condutas descritas no número 1 e a quen eluda o pagamento de calquera cantidade que deba ingresar ou desfrute de maneira indebida dun beneficio obtido legalmente, cando os feitos se cometan contra a Facenda da Unión Europea, sempre que a contía defraudada exceder de cen mil euros no prazo dun ano natural. Non obstante o anterior, nos casos en que a defraudación sexa levada a cabo no seo dunha organización ou grupo criminal, ou por persoas ou entidades que actúen baixo a aparencia dunha actividade económica real sen desenvólvela de forma efectiva, o delito será perseguible desde o mesmo momento en que se alcance a cantidade fixada neste número.

Se a contía defraudada non superar os cen mil euros pero exceder de dez mil, imporase unha pena de prisión de tres meses a un ano ou multa do tanto ao triplo da citada contía e a perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas e do dereito a gozar dos beneficios ou incentivos fiscais ou da Seguridade Social durante o período de seis meses a dous anos.»

Once. Modifícase o artigo 308, que queda redactado como segue:

«1. O que obteña subvencións ou axudas das administracións públicas, incluída a Unión Europea, nunha cantidade ou por un valor superior a cen mil euros falseando as condicións requiridas para a súa concesión ou ocultando as que a tivesen impedido será castigado coa pena de prisión de un a cinco anos e multa do tanto ao séxtuplo do seu importe, salvo que leve a cabo o reintegro a que se refire o número 6.

2. As mesmas penas se imporán a quen, no desenvolvemento dunha actividade sufragada total ou parcialmente con fondos das administracións públicas, incluída a Unión Europea, os aplique nunha cantidade superior a cen mil euros a fins distintos daqueles para os cales a subvención ou axuda foi concedida, salvo que leve a cabo o reintegro a que se refire o número 6.

3. Ademais das penas sinaladas, imporase ao responsable a perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas e do dereito a gozar de beneficios ou incentivos fiscais ou da Seguridade Social durante un período de tres a seis anos.

4. Se a contía obtida, defraudada ou aplicada indebidamente non superar os cen mil euros pero exceder os dez mil, imporase unha pena de prisión de tres meses a un ano ou multa do tanto ao triplo da citada contía e a perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas e do dereito a gozar dos beneficios ou incentivos fiscais ou da Seguridade Social durante o período de seis meses a dous anos, salvo que leve a cabo o reintegro a que se refire o número 6.

5. Para os efectos de determinar a contía a que se refire este artigo, atenderase ao total do obtido, defraudado ou indebidamente aplicado, con independencia de se procede dunha ou de varias administracións públicas conxuntamente.

6. Entenderase realizado o reintegro a que se refiren os números 1, 2 e 4 cando o perceptor da subvención ou axuda devolva as subvencións ou axudas indebidamente percibidas ou aplicadas, incrementadas nos xuros de demora aplicables en materia de subvencións desde o momento en que as percibiu, e se leve a cabo antes de que se notificase a iniciación de actuacións de comprobación ou control en relación coas ditas subvencións ou axudas ou, no caso de que tales actuacións non se producisen, antes de que o Ministerio Fiscal, o avogado do Estado ou o representante da Administración autonómica ou local de que se trate interpoña querela ou denuncia contra aquel dirixida, ou antes de que o Ministerio Fiscal ou o xuíz de instrución realicen actuacións que lle permitan ter coñecemento formal da iniciación de dilixencias. O reintegro impedirá que o dito suxeito sexa perseguido polas posibles falsidades instrumentais que, exclusivamente en relación coa débeda obxecto de regularización, este poida ter cometido con carácter previo á regularización da súa situación.

7. A existencia dun procedemento penal por algún dos delitos dos números 1, 2 e 4 deste artigo non impedirá que a Administración competente exixa o reintegro por vía administrativa das subvencións ou axudas indebidamente aplicadas. O importe que deba ser reintegrado entenderase fixado provisionalmente pola Administración e axustarase despois ao que finalmente se resolva no proceso penal.

O procedemento penal tampouco paralizará a acción de cobramento da Administración, que poderá iniciar as actuacións dirixidas ao cobramento salvo que o xuíz, de oficio ou por instancia de parte, acordase a suspensión das actuacións de execución logo da prestación de garantía. Se non se puider prestar garantía en todo ou en parte, excepcionalmente o xuíz poderá acordar a suspensión con dispensa total ou parcial de garantías se apreciar que a execución puidese ocasionar danos irreparables ou de moi difícil reparación.

8. Os xuíces e tribunais poderán impor ao responsable deste delito a pena inferior nun ou dous graos, sempre que, antes de que transcorran dous meses desde a citación xudicial como investigado, leve a cabo o reintegro a que se refire o número 6 e recoñeza xudicialmente os feitos. O anterior será igualmente aplicable respecto doutros partícipes no delito distintos do obrigado ao reintegro ou do autor do delito, cando colaboren activamente para a obtención de probas decisivas para a identificación ou captura doutros responsables, para o completo esclarecemento dos feitos delitivos ou para a investigación do patrimonio do obrigado ou do responsable do delito.»

Doce. Modifícanse os números 1 e 5 do artigo 386, que quedan redactados como segue:

«1. Será castigado coa pena de prisión de oito a doce anos e multa do tanto ao décuplo do valor aparente da moeda:

- 1.º O que altere a moeda ou fabrique moeda falsa.
- 2.º O que exporte moeda falsa ou alterada ou a importe a España ou a calquera outro Estado membro da Unión Europea.
- 3.º O que transporte, expendá ou distribúa moeda falsa ou alterada con coñecemento da súa falsidade.»

«5. Cando, de acordo co establecido no artigo 31 bis, unha persoa xurídica sexa responsable dos anteriores delitos, imporáselle a pena de multa do triplo ao décuplo do valor aparente da moeda. Atendidas as regras establecidas no artigo 66 bis, os xuíces e tribunais poderán, así mesmo, impor as penas recollidas nas letras b) a g) do número 7 do artigo 33.»

Trece. Modifícase o parágrafo primeiro do artigo 387, que queda redactado como segue:

«Para os efectos do artigo anterior, enténdese por moeda a metálica e o papel moeda de curso legal e aquela que non fose aínda emitida ou posta en circulación oficialmente pero que está destinada á súa circulación como moeda de curso legal. Equipararanse á moeda nacional as doutros países da Unión Europea e as estranxeiras.»

Catorce. Modifícase o artigo 423, que queda redactado como segue:

«O disposto nos artigos precedentes será igualmente aplicable aos xurados e árbitros, nacionais ou internacionais, así como a mediadores, peritos, administradores ou interventores designados xudicialmente, administradores concursais ou a calquera persoa que participe no exercicio da función pública.»

Quince. Modifícase o artigo 427, que queda redactado como segue:

«O disposto nos artigos precedentes será tamén aplicable cando as condutas descritas sexan realizadas por ou afecten:

- a) Calquera persoa que teña un cargo ou emprego legislativo, administrativo ou xudicial dun país da Unión Europea ou de calquera outro país estranxeiro, tanto por nomeamento como por elección.
- b) Calquera persoa que exerza unha función pública para un país da Unión Europea ou calquera outro país estranxeiro, incluído un organismo público ou unha empresa pública, para a Unión Europea ou para outra organización internacional pública.
- c) Calquera funcionario ou axente da Unión Europea ou dunha organización internacional pública.
- d) Calquera persoa a que se asignase e que estea exercendo unha función de servizo público que consista na xestión, nos Estados membros ou en terceiros países, de intereses financeiros da Unión Europea ou en tomar decisións sobre eses intereses.»

Dezaseis. Dáse contido ao artigo 431, que queda redactado como segue:

«Para os efectos deste capítulo entenderanse funcionarios públicos os determinados polos artigos 24 e 427.»

Dezasete. Introdúcese un novo ordinal 5.º no artigo 435 coa seguinte redacción:

«5.º Ás persoas xurídicas que, de acordo co establecido no artigo 31 bis, sexan responsables dos delitos recollidos neste capítulo. Nestes casos imporanse as seguintes penas:

a) Multa de dous a cinco anos, ou do triplo ao quádruplo do valor do prexuízo causado ou dos bens ou efectos apropiados cando a cantidade resultante sexa máis elevada, se o delito cometido pola persoa física ten prevista unha pena de prisión de máis de cinco anos.

b) Multa de un a tres anos, ou do dobre ao quádruplo do valor do prexuízo causado ou dos bens ou efectos apropiados cando a cantidade resultante sexa máis elevada, se o delito cometido pola persoa física ten prevista unha pena de máis de dous anos de privación de liberdade non incluída no anterior inciso.

c) Multa de seis meses a dous anos, ou do dobre ao triplo do valor do prexuízo causado ou dos bens ou efectos apropiados se a cantidade resultante é máis elevada, no resto dos casos.

Atendidas as regras establecidas no artigo 66 bis, os xuíces e tribunais poderán, así mesmo, impor as penas recollidas nas letras b) a g) do número 7 do artigo 33.»

Dezaioito. Introdúcese o artigo 435 bis, coa seguinte redacción:

«Para os efectos deste capítulo, entenderase por funcionario público os determinados polos artigos 24 e 427.»

Dezanove. Modifícase o artigo 572, que queda redactado como segue:

«1. Os que promovesen, constituísen, organizasen ou dirixisen unha organización ou grupo terrorista serán castigados coas penas de prisión de oito a quince anos e inhabilitación absoluta durante o tempo da condena.

2. Os que participasen activamente na organización ou grupo, ou formasen parte deles serán castigados coas penas de prisión de seis a doce anos e inhabilitación absoluta durante o tempo da condena.»

Vinte. Modifícase o primeiro parágrafo do número 1 do artigo 573, que queda redactado como segue:

«1. Considerarase delito de terrorismo a comisión de calquera delito grave contra a vida ou a integridade física, a liberdade, a integridade moral, a liberdade e indemnidade sexuais, o patrimonio, os recursos naturais ou o ambiente, a saúde pública, de risco catastrófico, incendio, de falsidade documental, contra a Coroa, de atentado e tenza, tráfico e depósito de armas, municións ou explosivos, previstos no presente código, e o apoderamento de aeronaves, buques ou outros medios de transporte colectivo ou de mercadorías, cando se levasen a cabo con calquera das seguintes finalidades:»

Vinte e un. Modifícase o número 3 do artigo 575, que queda redactado como segue:

«3. A mesma pena se imporá a quen, para ese mesmo fin, ou para colaborar cunha organización ou grupo terrorista, ou para cometer calquera dos delitos comprendidos neste capítulo, se traslade ou estableza nun territorio estranxeiro.»

Vinte e dous. Suprímese o número 5 do artigo 576.

Vinte e tres. Incorpórase un artigo 580 bis, que terá a seguinte redacción:

«Cando, de acordo co establecido no artigo 31 bis, unha persoa xurídica sexa responsable dos delitos recollidos neste capítulo, imporánselle as seguintes penas:

a) Multa de dous a cinco anos, ou do dobre ao quádruplo do prexuízo causado cando a cantidade resultante for máis elevada, se o delito cometido pola persoa física ten prevista unha pena de máis de dous anos de privación de liberdade.

b) Multa de seis meses a dous anos, ou do dobre ao triplo do prexuízo causado se a cantidade resultante for máis elevada, no resto dos casos.

Atendidas as regras establecidas no artigo 66 bis, os xuíces e tribunais poderán, así mesmo, impor as penas recollidas nas letras b) a g) do número 7 do artigo 33.»

**Disposición derradeira primeira.** *Incorporación de dereito da Unión Europea e internacional.*

Mediante esta lei orgánica:

a) Incorpóranse ao dereito español a Directiva 2014/57/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de abril de 2014, sobre as sancións penais aplicables ao abuso de mercado, a Directiva 2017/541/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de marzo de 2017, relativa á loita contra o terrorismo, e a Directiva 2017/1371/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 5 de xullo de 2017, sobre a loita contra a fraude que afecta os intereses financeiros da Unión a través do dereito penal.

b) Complétase a transposición ao dereito español da Directiva 2014/62/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 maio de 2014, relativa á protección penal do euro e outras moedas fronte á falsificación.

c) Adáptase a normativa penal española ao Convenio do Consello de Europa sobre a loita contra o tráfico de órganos humanos, feito en Santiago de Compostela o 25 de marzo de 2015.

**Disposición derradeira segunda.** *Título competencial.*

Esta lei dítase en exercicio da competencia exclusiva en materia de lexislación penal que atribúe ao Estado o artigo 149.1.6.<sup>a</sup> da Constitución.

**Disposición derradeira terceira.** *Entrada en vigor.*

A presente lei orgánica entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei orgánica.

Madrid, 20 de febreiro de 2019.

FELIPE R.

O presidente do Goberno,  
PEDRO SÁNCHEZ PÉREZ-CASTEJÓN